

idades, dos traballos e tanto daquelo por qué se vive coma daquelo por qué se morre. [...]. Un grande poe-ta está entre nós, na terra e nos nosos anos. (p. 24)

Álvaro Cunqueiro igual que fala de poesía escribe sobre mitos para argumentar o tema da fantasía e menciona como dous grandes mitógrafos a Eliade e a Risco (p. 25), figuras que siguen a ser relevantes para os estudos de hoxe. O noso erudito remata esta conferencia –publicada en 1963 na revista *Grial*– con estas palabras sobre o papel do escritor, que eu nas miñas clases sempre menciono:

O propio do escritor é contar craro, seguido e ben. Contar a totalidade humán, que il pola súa parte ten a obriga de alimentar con novas miradas. E si hai algo que esteña craro nista dieta, é que o home precisa en primeiro lugar, coma quen bebe auga, beber soños. (p. 27)

A pintura está presente nos escritos cunquerianos. O mindonense dedica un espazo a Carlos Maside (pp. 18-23) e a Antón Patiño (pp. 103-104), entre outros. Nas páxinas dedicadas a Maside detense en diferentes aspectos do acto creador para terminar dando a súa opinión sobre a obra do pintor de Pontecesures:

o primeiro é a luz, un longo pano de ouro, e dende a luz vades vendo o color, cada e cada un, onde a luz viva nasce e medra, e todo o que non é luz, é orde, [...], i-onde descansan os elementos reás, que son, de seu, *invenções*, isto é, descubrimentos, i-a fiestra por onde o pintor comunica, dice, confesa o seu segredo. Nin máis nin menos que o primeiro segredo, parte do segredo da Creación. (p. 20)

Fermosas palabras que iluminan as prosas cunquerianas e que nos incitan a seguir coa lectura de todo o volume para beber, saber e soñar con Cunqueiro. Resulta difícil a tarefa de dar noticia deste libro, pois cada unha das prosas presentadas merecen un espazo e un tempo. Polo tanto, animo ao lector a aventurarse neste descubrimento dos textos cunquerianos espallados “aquí e acolá” e que, grazas a este traballo do Centro Ramón Piñeiro e dos seus editores, hoxe temos recollidos para gozarmos con eles e seguirmos aprendendo coa maxia da palabra cunqueriana. Non podoo renunciar a pechar esta presentación sen facer referencia á importancia da lingua galega na obra cunqueriana, conformadora da súa identidade ga-

lega. Álvaro Cunqueiro en 1980 di así:

As miñas invencións e as miñas maxias teñen, nembargantes, un senso máis fondo; por riba e por baixo do que eu fago, eu quixen e quero que a fala galega durase e continuase, porque a duración da fala é a única posibilidades de que nós duremos como pobo. Eu quixen que Galicia continuase e, ó lado da patria terrenal, da patria que son a terra e os mortos, haxa esta outra patria que é a fala nosa. Se de mín algún día, despois de morto, se quixera facer un eloxio, e eu estivera dando herba na terra nosa, podería decir a miña lápida: “Aquí xaz alguén que coa súa obra fixo que Galicia durase mil primaveras máis”. (p. 64)

Lamento, prezado lector, non dedicarlle máis tempo a estas “marabillosas” prosas cunquerianas, pero deixo nas túas mans a posibilidade de iniciar esta aventura da descuberta deste traballo que non só é unha homenaxe do Centro Ramón Piñeiro ao escritor mindonense, senón unha acertada decisión dos seus editores e unha rigorosa investigación. Se comezas esta aventura moitas máis “marabillas” atoparás. Polo tanto, os nosos parabéns a Luís Alonso Girgado, Luís Cochón e Lorena Domínguez Mallo polo esforzo realizado e o agradecemento máis sincero por este agasallo tan fermoso e imprescindible que son estas prosas cunquerianas.

Carmen MEJÍA RUIZ

FENTE, Elvira (2010): *Parir a liberdade, o movemento feminista en Galicia*. Santiago de Compostela: Alvarellos Editora, 419 pp.

A xornalista Elvira Fente ofrece, con este volume, unha investigación e unha recompilación documental que precisaba o campo de estudo do feminismo en Galicia. Un libro ben estruturado, de escritura clara e atractiva e que non deixa ningún aspecto sobre o estudo do xénero feminino no tinteiro. Deste xeito, aproxima a historia do feminismo e as longas batallas para conseguir a liberdade da muller, tanto ó lector xeral como ó investigador, quen atopa nesta obra unha completa escolma de materiais espallados en xornais, manifestos e outros libros de referencia con un afán de utilidade para traballos académicos focalizados en ámbitos específicos.

O lector curioso, partindo dun título contundente, atopa unha achega a un aspecto histórico,

social e político, en certa maneira “marxinal”, que necesita a difusión na sociedade, e máis aínda na galega. Precisamente, á muller galega permíteselle nestas catrocentas páxinas unha viaxe ó pasado, para ver cada paso que as xeracións anteriores tiveron que dar para acadar as liberdades que hoxe en día podemos aproveitar e, á vez, tomalo como exemplo de coraxe para seguir na senda do progreso e superación e acadar a igualdade e a independencia real.

“A liberdade comeza na conciencia”, dicía María Xosé Queizán no seu ensaio datado no ano 2000, *Parir o pensamento*. Ela é un dos referentes que tomou Elvira Fente para a concepción do seu traballo: Queizán é unha das almas do feminismo en Galicia á que, inevitablemente, hai que acudir para tratar estes temas con perspectiva. A súa sabedoría impregna as páxinas da autora; de feito, destina a metade da súa obra a darlle voz ás mulleres que tomaron a iniciativa coas reivindicacións feministas, (“A todas as mulleres da historia...que contar”), un dos maiores acertos de Fente. As mulleres que entrevista, encabezadas por María Xosé Queizán, son as seguintes: Nanina Santos, Ana Fernández Puentes, Carmen Blanco, Sabela Mouriz, Tareixa Navaza, Rosa Bassave, Lupe Ces, Ana Míguez e María Xosé Agra.

O volume divídese en tres seccións e un epílogo. Unha primeira metade, duascenas páxinas, que versa sobre a historia do feminismo en Galicia dende os inicios democráticos de España ata a actualidade e sobre os eixos temáticos da loita feminista; unha segunda parte onde transcribe as entrevistas que supoñen as dez claves para entender a evolución do feminismo; por último, como apéndice, unha cronoloxía esquemática dos fitos máis destacables sobre a historia da muller desde o estoupido da Guerra Civil.

“O traballo está realizado desde unha perspectiva xornalística e consta de tres bloques temáticos principais”, destaca Fente na introdución. Porén, a presenza dos medios de comunicación, como elemento fundamental como intermediario ante a sociedade e o fomento das reivindicacións do movemento, é constante, ademais da súa utilización como base documental. Na entrevista a Tareixa Navaza, a autora dicía o seguinte respecto á dificultade no tratamento dos temas delicados da súa propia profesión: “Porque unha cousa é a intención socializadora do xornalista e outra cousa é o que atopa o redactor cando sae á rúa e atopa unha realidade” (p. 299).

O ensaio, coherente co título, comeza cunha

cita de Queizán, que exemplifica con gran acerto a necesidade dun estudo concreto do papel da muller nun contexto tan especial como é Galicia: terra de tradicións e grande apego á sociedade con estrutura patriarcal, un aspecto que a escritora viguesa leva cincuenta anos traballando para derribalo co poder da súa pena,

É curioso que neste país onde as mulleres xogaron e xogan un papel fundamental, na economía, na práctica cotiá do traballo, un país mantido por mulleres, pola emigración desde longos tempos, é dicir, que un país de mulleres sexa unha das partes máis misóxinas de España; isto si que requiriría un estudo especial”. (p. 13)

A exposición dos eixos fundamentais da loita feminista baséase en seis campos: liberdade sexual, aborto, prostitución, violencia de xénero, traballo e economía solidaria. Elvira Fente bríndanos a posibilidade de darnos conta que o camiño, hoxe a medio facer, tivo moitos obstáculos ós que facerlle fronte. A loita pola sexualidade feminina iniciada coa transición contou coa progresiva apertura dos gobernos da era democrática. Por exemplo, preséntase datos sobre a legalización dos preservativos, cuxa venta estivera penalizada ata o 1983, ou a primeira vez en que nas rúas se viu unha pancarta coa consigna revolucionaria: “Sexualidade non é heterosexualidade, defendamos con orgullo o noso lesbianismo” (na manifestación convocada por AGM do oito de marzo de 1983). Pero non foi, como nos relata Fente, ata primeiro de marzo do 2007 cando se aprobou a *Lei de identidade de xénero*, para así “poñer fin ou, en todo caso, minguar moitos sufrimentos das persoas apreixadas en corpos que non senten como seus, recoñecendo dereitos e ampliando liberdades” (p. 85).

A autora engade á redacción, coa excelente base documental, as estatísticas e os datos concretos comparados por anos e décadas. Deste xeito, o lector recibe unha visión máis completa e ordenada da realidade do feminismo e a muller en Galicia.

O bloque temático sobre os eixos do feminismo péchase cun breve capítulo sobre a economía solidaria. Para rematar, destacaríase a seguinte reflexión de Elvira Fente quen, con esta primeira obra publicada, fixo unha destacable achega ó estudo da loita feminista. O seu papel como investigadora e xornalista cumpriuno coa visibilidade do problema e dos avances acadados nas últimas catro décadas, co fin de que as mulleres

que non o viviron en primeira persoa sexan conscientes da orixe das súas melloras respecto das súas nais e avoas, e para que o avance cara á verdadeira liberdade da muller prosiga o seu camiño:

A pobreza recae cada vez máis sobre a muller. O reforzamento das relacións patriarcais imponen a inferioridade das mulleres, incide na súa dependencia económica [...] O movemento feminista leva loitando pola emancipación da muller desde sempre e porque sexa visible na sociedade. (pp. 210-211)

Vanesa RODRÍGUEZ TEMBRÁS

FERNÁNDEZ CASTRO, Xosé Manuel (2011): *A obra dramática de Roberto Vidal Bolaño*. Santiago de Compostela: Laiovento, 591 pp.

A publicación do libro que, segundo o seu autor, “sintetiza a tese de doutoramento” sobre a obra de Roberto Vidal Bolaño, salda unha conta do espazo académico galego co seu teatro. Roberto Vidal Bolaño é, seguramente, un dos autores menos desatendidos e, paradoxalmente, máis superficialmente tratados do teatro galego. Dez anos despois da súa morte, só o libro *Roberto Vidal Bolaño, escritor escénico*, editado en 2002 por Teresa Vilariño e Carmen Becerra, no que se reúnen estudos parciais sobre diversos aspectos da súa obra, trataba de abordar ese espazo de atención que a recente morte do autor semellaba esixir. Mais despois diso, e unha vez pasado o tempo de homenaxes e recoñecementos, os textos de Vidal Bolaño seguían sen contar cunha edición completa, coidada e crítica, ao tempo que as diversas facetas da súa figura, máis alá do teatral, continuaban espaxadas pola tenue memoria dos seus contemporáneos, polo efémero papel dos xornais ou pola difícil heteroxeneidade da polifacencia. Este libro de Xosé Manuel Fernández Castro incide xustamente na resolución dese problema a través dunha achega que aspira a ser definitiva en certo sentido, pero, sen ningunha dúbida, desexa ao tempo abrir as canles de reflexión que permitan a consideración crítica seria e rigorosa que a arte teatral de Roberto Vidal Bolaño merece.

Sen dúbida estamos a falar dun deses autores que fan parte do que podemos denominar “canon dinámico” do teatro galego (Sheffy, 1990). Ese é, xustamente, o punto de partida de *A obra dra-*

*mática de Roberto Vidal Bolaño*: un repaso emocionado, escrito desde unha admiración que Xosé Manuel Fernández non oculta, ás expresións arredor da canonicidade do autor, sobre todo ás aparecidas na prensa, amosando así unha das ferramentas metodolóxicas fundamentais no proceso de investigación. É perigoso o traballo a partir de publicacións xornalísticas que, se ben é extremadamente útil para a reconstrución de fragmentos de historia imposíbeis de rescatar doutros xeitos, tamén introduce a miúdo o punto de vista, a urxencia e a imprecisión coa que se expresa o xornalista. Porén, a historia recente constrúese en boa medida a través do xornalismo, especialmente a historia dunha arte efémera como é a escénica, e Xosé Manuel Fernández aproveita con habelencia este recurso á hora de dar conta do Vidal Bolaño real, da persoa, alén do personaxe que el mesmo construíu a través da súa figura pública.

Non quixera pasar por alto unha precisión que me parece de calado metodolóxico e con implicacións interesantes para a investigación teatral galega: a consideración do concepto de “dramaturgo”. Nas páxinas iniciais do libro, o autor precisa e acouta o seu ámbito de investigación á actividade dramática (escrita) de Vidal Bolaño, aínda que axiña comprobamos que Xosé Manuel Fernández xamais perde de vista que esa actividade literaria, neste caso, é absolutamente subsidiaria dun concepto amplo desde o que o líder de Teatro do Aquí entendía o feito escénico como espazo onde confluían diversas artes e onde a escrita era, sen dúbida, un instrumento fundamental da teatralidade. Aplícase, por tanto, o termo que daba título ao libro de Becerra e Vilariño, “escritor escénico”, demostrando a súa utilidade alén do estrictamente terminolóxico.

O libro contén tres grandes partes. A primeira correspóndese cos dous primeiros capítulos “Sobre a importancia de Vidal Bolaño” e “Sobre a carreira de Vidal Bolaño”. Neles expónse o devandito punto de vista canonizador arredor das múltiples actividades do dramaturgo, incidindo especialmente na súa faceta escénica a través do relato pormenorizado da súa vida. Neste senso, poderíamos dicir que o segundo capítulo do libro supón a primeira biografía do autor compostelán, nun relato minucioso realizado a partir da revisión das súas entrevistas na prensa, as súas autorreferencias e, por suposto, a lembranza escrita dos seus contemporáneos, mesmo a través de entrevistas inéditas cuxa publicación sería unha noticia feliz. Dáse, por iso, unha nova lectura dun Roberto Vidal